

Hortal, 54  
Barcelona - 16

BAIXA

VOLUNTARIA

(Conto)

O Agostiño sabía ben a cras de home que il era. Sabía que o seu curmáu tiña bos sentimentos. Que, se ~~ben era~~ furtara na tenda do Moisés, fora pra susistir; porque na Gran Cidá, apesares dos miles de fábricas e talleres, non atopara un posto de traballo ~~para~~ onde gañar o pan.

O Monchô era pequeno il, esmirriado e con folgos mûdos. Cando un contratista lle daba "horas", aproveitábaas e cumpría coa ilusión de conquistar un emprego seguro. O endebre manobra suaba a pelo e dofalle os rila, mais il non folgaba un intre. Tiña as maus encallecidas, quimadas polo cemento e o <sup>xiso</sup> ~~peño~~. Tornáranselle grossas i enquilosadas. Enzoufado na area e os materiais da construción, xantaba cos compañeiros unha barra de pan con touciño ou a eterna tortilla de dous ovos. Pola noite cafa estambullado no leite, magoadado e dórido nas carnes zугadas e os osos descalcificados. Pero traballaba por tempadas e, contra da sua concencia, por veces víase obrigado ao furto pra poder xantar.

O Agostiño facía tres anos que abandoara o pobo e, tamén il, pasara moitas mágoas denantes de entrar de piñon nunha fábrica. Dempóis de un cursiño de promoción, fixérase operario soldador. Estaba ben mirado e podía atender as necesidades mínimas da familia, botando doce horas diarias, por mor ~~de~~ grandes pedidos con destino á esportación.

O Diretor da Fabricación determinóu ampliar a plantilla.

Así foi como o Agostiño conquistou emprego pró curmáu. E o rapaz, enxégando as portas do porvir francas, sentíuse feliz por primeira vegada. De ps, a carón do torno, cumpría a sua tarefa satisfeito sen outra aquela que facer as pezas necesarias pra gañar a prima. Aos poucos días xa superaba a produción esixida pola Sección de Tempos.

Rolaron duas, tres, oatro somanas. O Agostiño estaba orguloso do parente. Era cumpridor. Il xa o sabía. Non o había de facer quedar mal. Se tiña feito algunhas falcatruadas, fora pra escorrentar a fame. Soio quedaba unha dúbida. A Empresa habíase informar. Esborrallariase todo? Abondaría que o Agostiño recomendara o rapaz?

- Istas noites non durmo. Pódelo crer. Non fago mais que cavilar na posibilidade duns informes desfavorables

- Coido que, vindo da miña parte, non pesoudarán ren.

O "Bus" das 5,25 non chegaba. Eran as 5,40 e ....

- Taxi! Taxi!

Os semáforos coutaban o camiño.

Fichou un minuto tarde e decatouse que o Xefe de Taller ollábao de maneira desafavorada.

O Moncho non comprendía que lle puxera tan mala cara por un minuto...

- Madrugaréi mais. O "Bus" das 5,10 será mais seguro!

Estaba preparando o torno e sentiu que lle berraban ás costas, tuteándoo por primeira vegada:

- Vai as oficinas, Moncho!

O Xefe de Persoal tiña cartos riba da mesa e un recibo nas maus:

- Firma a Baixa Voluntaria!

- E logo, non están contentes de min?

- Inda o preguntas?

- Non cumplo? É baixo o meu rendemento? Teñen queixa de min? Cheguei un minuto tarde; pro non foi culpa miña. Vostede viume chegar nun "Taxi". Estiven agardando o "Bus" das...

- Eiquí non ademitimos ladróns! Firma!

- Eu non son ladrón!

- Os informes non minten!

- Somentes algunha vez apropiéime do xantar indispensábel pra susistir! Non roubéi!

- O teu Contrato queda roto!

Acédamente as bágoas, en arroiada, anegaron as meixelas do rapaz. O corazón batíalle forte. Unha néboa mesta facíalle ver todo arredor cal se de súpeto caera nunha esmagante miopía.

- Vostede e a Sociadá toda espétanme na lama e na fame! Quero traballar! Seguiréi no meu posto! Teño un Contrato!

- Firma a baixa, ondenón, <sup>daréi parte</sup> ~~encomendá~~ á Autoridá!

É sábado. Pola serón o Xefe de Persoal vai á cirexa e confésase. Amóstralle, no crego o recibo firmado por ~~él~~ saldo e finiquito VOLUNTARIO:

- Apesares de tratarse dun ladrón, fixenlle unha liquidação folgada

O confesor, admirado de tan bos sentimentos dalle a ausolución e o home participa relixiosamente non Santo Sacrificio. Válelle pró domingo, que se desplazará coa familia lonxe da Gran Cidá pra descansar.